

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027848	CRA Nosa Señora do Faro	Ponteceso	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	60
4.2. Materiais e recursos didácticos	66
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	67
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	67
6. Medidas de atención á diversidade	69
7.1. Concreción dos elementos transversais	72
7.2. Actividades complementarias	73
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	74
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	75
9. Outros apartados	76

1. Introducción

Esta programación para 4º de Educación Infantil desenvólvese no CRA Nosa Señora do Faro con alumnos e alumnas de educación Infantil (2º ciclo) e Primaria (1º e 2º curso), xa que se trata de aulas multigráo. As escolas atópanse nun medio natural, rodeadas de patrimonio cultural galego e algunhas próximas ao mar. O CRA conta con cinco escolas pertencentes a tres concellos diferentes da provincia de A Coruña: Ponteceso, Malpica e Cabana de Bergantiños. Todas as escolas teñen aulas mixtas con alumnado que vai dende os 3 anos ata os 7 anos de idade. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales contamos con medidas específicas dirixidas as súas necesidades, ritmos, intereses e características persoais. Tamén as aplicamos para o alumnado en xeral do centro, respectando o seu nivel madurativo, o seu ritmo e facendo unha atención individualizada e de calidade.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser diferentes espazos naturais así como recursos e servizos dos que dispoñen os diferentes concellos. Ademais contamos con instalacións variadas no CRA, como poden ser: a biblioteca, hortos, patios exteriores, aulas de convivencia con diferentes recursos que son complemento do que temos na aula, etc. Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma globalizada de tal xeito que o alumnado adquiera os coñecementos que recolle o currículo do seu ciclo dun xeito motivador.

Teremos en conta a educación en todo o seu abanico, valores, respecto a si mesmo, aos seus iguais, ao medio e a súa cultura, por iso estamos ante unha programación combinada onde se acoplan de forma concreta pero globalizada as 3 áreas curriculares:

- Área de Comunicación e Representación da Realidade
- Área de Crecemento en Harmonía
- Área de Descubrimento e Exploración da contorna

Todo isto levarase a cabo ao longo das 3 UNIDADES DIDÁCTICAS que conforman esta programación, traballando unha por cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1		1				
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1		1				
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1	1				1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1				1	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1				1		1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1	1	1
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1				1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1	1	
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1	1	
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1		1		1	1
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1	1	1	1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1		1	1	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.				1	1	1	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A vida na aula e na familia	Esta UD está destinada a introducir ao alumnado novo no día a día da escola, achegando a mesma á súa contorna máis próxima, e favorecer que o alumnado que xa estaba no centro amplíe os seus coñecementos sobre si mesmo e o mundo no que vive. A través dos cinco eixos (a escola e a casa, o seu corpo, a alimentación saudable e a familia) correspondentes ás áreas de interese máis próximas a eles mesmos/as, buscamos que se coñezan a si mesmos e o seu entorno, que establezan lazos co medio máis próximo e o valoren. Pretendemos que se reafirmen como persoas únicas, independentes e autónomas, que descubran as súas habilidades e limitacións e que adquiran valores de respecto e empatía, pero sempre a través do seu núcleo de confianza. Propónse a seguinte temporalización sobre as temáticas a abordar: Outubro: a escola Novembro: o esquema corporal e a alimentación saudable Decembro: a familia e as casas	280	X		
2	A vida natural	Nesta segunda UD o alumnado comezará a saír do seu entorno máis inmediato para coñecer o mundo tal e como se nos presenta. Abordaremos a vida a redor do mundo animal, vexetal e dos fenómenos naturais. Mediante a observación directa, a experimentación, manipulación, saídas pola contorna e con diversidade de materiais, o alumnado descubrirá as características do mundo no que vivimos e a súa importancia. Esta unidade busca fomentar a curiosidade científica, o respecto polo medio ambiente, o desenvolvemento da expresión oral, a creatividade e a capacidade de asombro fronte á natureza.	280		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A vida natural	Propónse a seguinte temporalización sobre as temáticas a abordar: Xaneiro: o mundo animal Febreiro: a auga e os fenómenos naturais Marzo: o mundo vexetal	280		X	
3	Paisaxe e sustentabilidade	A derradeira UD busca que os nenos e nenas adquiren unha conciencia crítica así como uns coñecementos básicos sobre os recursos que nos rodean e que fan posible a nosa forma de vida. Abordaremos a paisaxe e a contaminación, os medios de transporte e a comunicación a través de propostas reais, locais e universais, que nos permitan adquirir conciencia do mundo no que vivimos. Con ela preténdese favorecer o pensamento crítico, a conciencia ecolóxica e sostible, o traballo en equipo, a expresión comunicativa e artística, o desenvolvemento de actitudes responsables cara o entorno e as habilidades e destrezas STEM e do pensamento computacional. Propónse a seguinte temporalización sobre as temáticas a abordar: Abril: a paisaxe e a contaminación Maio: os medios de transporte e a comunicación	280			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A vida na aula e na familia	280

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece distintas relacións entre obxectos en función dos seus atributos (seriación, correspondencia, etc)	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Representa do seu corpo coas súas partes máis importantes e identifícaa.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Prograsa na relación cantidade-número-grafía.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica as sensacións que capta a través dos sentidos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Progresar na identificación e representación dalgunha forma xeométrica da súa contorna próxima, ampliando o seu repertorio de coñecemento.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Mostra interese por dar a súa opinión e progresar no intercambio comunicativo adaptándose ao momento, lugar e ás circunstancias.	
CA1.5 - Situar-se adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Sitúase adecuadamente nos espazos coñecidos. Manexa coñecementos básicos cara as nocións espaciais básicas.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica, recoñece e respeta as semellanzas e diferenzas entre as persoas.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa distintos obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e tarefas cotiás, atendendo ao seu nivel madurativo (pinzas, palas, etc).	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participa activamente nos intercambios comunicativos que se propoñen nas distintas linguas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicalas a diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Mostra tolerancia á frustración, adaptando o seu comportamento ás distintas situacións do día a día.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	INGLÉS: amosa interese por participar en situacións comunicativas en lingua estranxeira.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa activamente en propostas cooperativas respetando as aportacións alleas.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inquiredanzas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa con iniciativa e certa autonomía en actividades STEAM.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras, en base ao seu nivel madurativo.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Mostra un control progresivo no manexo de diferentes útiles que requiren unha boa coordinación fina.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Observa o medio natural e social e comprende a relación existente entre eles.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Coñece os hábitos saudables e emprega adecuadamente espazos e materiais relacionados coa hixiene persoal, alimentación nas merendas, vestido, etc.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Utiliza a linguaxe oral de xeito coherente en diferentes contextos.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Coñece e identifica algún dos elementos máis identificativos do patrimonio natural.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar e adaptarse ás rutinas establecidas para o grupo, contribuíndo ao bo desenvolvemento da xornada e funcionamento do grupo.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valora a importancia das relacións sociais coas persoas que o/a rodean (familia, iguais, docentes, veciñanza).	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica distintos modelos de familia e a súa propia, valóraos todos por igual e identifica parentescos próximos a el/ela.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Prograsa nas habilidades grafomotrices, incidindo no bo agarre das ferramentas convencionais e perfeccionando o trazo.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Participa na elaboración de distintos textos contextualizados, como listas da compra, cartas, etc, con propósitos variados: comunicar, recoller información, gozar co proceso, etc.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Desenvolve estratexias para a resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Coñece e identifica como propio algún elemento patrimonial, tradicional ou costumes da súa contorna próxima.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Valora e fai uso da biblioteca como fonte de información e placer, e cumpre as normas.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Valora a linguaxe literaria a través de diversas actividades de fomento da lectura e participa nelas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	MÚSICA: realiza pezas musicais sinxelas empregando o propio corpo e outros instrumentos musicais introducidos na aula.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	ARTÍSTICA: recoñece a intención do autor ou autora da peza artística e é quen de interpretar as ideas principais.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	EF: o alumnado explora o movemento de forma creativa, integrando diferentes xestos, emocións e ritmos en dramatizacións e danzas, adaptándose a diferentes ritmos e música, demostrando maior fluidez e creatividade e mellor control na expresión corporal.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	EF: o alumnado ou alumna móvese de forma armoniosa e fluidamente no espazo, axustando de forma natural o seu ritmo ao do grupo e contribuíndo activamente á dinámica colectiva con algunha proposta creativa.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	EF: o alumnado comeza a interpretar as mensaxes dun xeito máis abstracto e a combinar elementos de diferentes linguas e explora transferencias expresivas entre linguas dun xeito libre e creativo.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.

Contidos

- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.

Contidos

- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Relacións de parentesco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- A escola.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.

Contidos

- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	A vida natural	280

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	EF: o alumnado demostra unha consciencia avanzada do seu corpo, axustando accións e reaccións con precisión, mostrando bo equilibrio, percepción sensorial e coordinación.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos en situacións cotiás e en propostas contextualizadas de forma correcta.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Progresar na relación cantidade-número-grafía.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Progresar na identificación e representación dalgunha forma xeométrica da súa contorna próxima, ampliando o seu repertorio de coñecemento.	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	EF: o alumno/a coordina e controla o seu corpo de maneira eficiente, adaptando os seus movementos con fluidez a calquera tipo de obxecto ou situación cotiá, e demostrando un repertorio motor variado e creativo	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica, recoñece e respeta as semellanzas e diferenzas entre as persoas.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Emprega nocións temporais básicas a través das actividades cotiás, ordenando secuencias próximas.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa distintos obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e tarefas cotiás, atendendo ao seu nivel madurativo (pinzas, palas, etc).	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	É quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece, comprende e emprega palabras en ambas linguas cooficiais.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Propón hipóteses sobre o comportamento de determinados elementos e leva a cabo accións para comprobalas.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Mostra tolerancia á frustración, adaptando o seu comportamento ás distintas situacións do día a día.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	INGLÉS: comprende o significado de palabras familiares noutras linguas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa con iniciativa e certa autonomía en actividades STEAM.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Mostra un control progresivo no manexo de diferentes útiles que requiren unha boa coordinación fina.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Valora e mostra unha actitude de respecto cara os seres vivos da súa contorna próxima.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras, en base ao seu nivel madurativo.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Establece. relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna de forma autónoma (limpar a mesa, tirar o lixo, lavar as mans, etc).	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Identifica semellanzas e diferenzas entre seres vivos e inertes.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expón ideas de forma oral, perfeccionando o vocabulario e a expresión.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito autónomo, colaborando e aceptando as normas.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Recoñece algunha función dos tipos de texto e identifica algunha das súas propiedades.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Progresa nas habilidades grafomotrices, incidindo no bo agarre das ferramentas convencionais e perfeccionando o trazo.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa na elaboración de distintos textos contextualizados, como listas da compra, cartas, etc, con propósitos variados: comunicar, recoller información, gozar co proceso, etc.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Coñece, participa e valora algunhas das costumes e tradicións presentes na súa contorna, así como algunha persoa relevante.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Fai aportacións sobre as normas sociais e recoñece a importancia de cumprilas.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Valora e fai uso da biblioteca como fonte de información e placer, e cumpre as normas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Valora a linguaxe literaria a través de diversas actividades de fomento da lectura e participa nelas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	MÚSICA: expresa a súa opinión sobre as propostas musicais realizadas polos seus compañeiros e compañeiras. Realiza críticas sinxelas que poidan axudarlles a mellorar.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	MÚSICA: interpreta pezas musicais sinxelas a partir de outras creacións artísticas ou danzas. Combinando ambas creacións.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	ARTÍSTICA: expresa a súa opinión sobre as propostas musicais realizadas polos seus compañeiros e compañeiras. Realiza críticas sinxelas que poidan axudarlles a mellorar.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	ARTÍSTICA: realiza creacións sinxelas a partir de outras manifestacións artísticas como danzas ou pezas sonoras. Combinando ambas creacións.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	EF: valora as producións dos demais de maneira crítica e reflexiva, mostrando xa respecto e certa empatía, e expresando comentarios construtivos e detallados.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta mensaxes derivadas de distintas fontes, incluído o formato dixital.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.

Contidos

- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Os seres vivos e as súas características.

Contidos

- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

Contidos

- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Paisaxe e sustentabilidade	280

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar a intención comunicativa de diversas manifestacións artísticas.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Prograsa na relación cantidade-número-grafía.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Progresar na identificación e representación dalgunha forma xeométrica da súa contorna próxima, ampliando o seu repertorio de coñecemento.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	EF: o alumnado participa con fluidez en xogos complexos, tanto dirixidos como espontáneos, demostrando habilidades motrices finas e capacidades manipulativas, adaptándose ás esixencias do xogo con creatividade e control.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece e respeta semellanzas e diferenzas entre as persoas.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa distintos obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e tarefas cotiás, atendendo ao seu nivel madurativo (pinzas, palas, etc).	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Progresar no concepto de medida de elementos da súa contorna e con instrumentos significativos (corpo, cinta métrica, regra, etc).	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situación da vida cotiá, mostrando iniciativa e confianza nas súas posibilidades.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Mostra tolerancia á frustración, adaptando o seu comportamento ás distintas situacións do día a día.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	INGLÉS: emprega expresións convencionais de saúdo, despedida, agradecemento e desculpa.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa con iniciativa e certa autonomía en actividades STEAM.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	EF: o alumno/a participa en xogos e actividades, mostrando afecto e empatía con naturalidade, aceptando as diferenzas individuais sen dificultade e contribuíndo activamente a evitar calquera tipo de discriminación.	
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.

Contidos

- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Paisaxe e sustentabilidade	280

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar a intención comunicativa de diversas manifestacións artísticas.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Progresar na relación cantidade-número-grafía.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Progresar na identificación e representación dalgunha forma xeométrica da súa contorna próxima, ampliando o seu repertorio de coñecemento.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	EF: o alumnado participa con fluidez en xogos complexos, tanto dirixidos como espontáneos, demostrando habilidades motrices finas e capacidades manipulativas, adaptándose ás esixencias do xogo con creatividade e control.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece e respeta semellanzas e diferenzas entre as persoas.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa distintos obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e tarefas cotiás, atendendo ao seu nivel madurativo (pinzas, palas, etc).	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Progresar no concepto de medida de elementos da súa contorna e con instrumentos significativos (corpo, cinta métrica, regra, etc).	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situación da vida cotiá, mostrando iniciativa e confianza nas súas posibilidades.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Mostra tolerancia á frustración, adaptando o seu comportamento ás distintas situacións do día a día.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	INGLÉS: emprega expresións convencionais de saúde, despedida, agradecemento e desculpa.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa con iniciativa e certa autonomía en actividades STEAM.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	EF: o alumno/a participa en xogos e actividades, mostrando afecto e empatía con naturalidade, aceptando as diferenzas individuais sen dificultade e contribuíndo activamente a evitar calquera tipo de discriminación.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras, en base ao seu nivel madurativo.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Mostra un control progresivo no manexo de diferentes útiles que requiren unha boa coordinación fina.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Establece. relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Identifica situacións de risco na súa contorna, actúa con prudencia ante elas e anticipase a algunhas predecibles.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Emprega diferentes linguaxes para expresarse oralmente.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Progresa nas habilidades grafomotrices, incidindo no bo agarre das ferramentas convencionais e perfeccionando o trazo.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Colabora en xogos de grupo mostrando actitudes de respecto e empatía.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa na elaboración de distintos textos contextualizados, como listas da compra, cartas, etc, con propósitos variados: comunicar, recoller información, gozar co proceso, etc.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece e identifica varias profesións, servizos e organizacións da súa contorna.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Investiga na intención comunicativa doutras linguaxes a través da escrita.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Recoñece algunha función dos tipos de texto e identifica algunha das súas propiedades.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Valora e fai uso da biblioteca como fonte de información e placer, e cumpre as normas.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Fai aportacións o nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita e lectura dun texto literario.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	MÚSICA: expresa a súa opinión sobre as propostas musicais realizadas polos seus compañeiros e compañeiras. Realiza críticas sinxelas que poidan axudarlles a mellorar.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	MÚSICA: interpreta pezas musicais sinxelas a partir de outras creacións artísticas ou danzas. Combinando ambas creacións.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	ARTÍSTICA: expresa a súa opinión sobre as propostas musicais realizadas polos seus compañeiros e compañeiras. Realiza críticas sinxelas que poidan axudarlles a mellorar.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	ARTÍSTICA: Realiza creacións sinxelas a partir de outras manifestacións artísticas como danzas ou pezas sonoras. Combinando ambas creacións.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Fai uso das ferramentas tecnolóxicas para expresarse de maneira creativa.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.
- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.

Contidos

- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.

Contidos

- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1.1. Concrecións metodolóxicas

No Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese a metodoloxía didáctica como o conxunto de ferramentas, técnicas, estratexias e métodos didácticos que fan posible desenvolver un proceso de aprendizaxe globalizado e integral.

METODOLOXÍA DE AULA

Somos un centro que ten o luxo de educar aos nenos e nenas durante cinco cursos e onde a súa madurez ten un amplo espazo para desenvolverse, deixando a un lado a idade cronolóxica. Temos mestura de niveis onde todos convivimos, decidimos e compartimos experiencias e momentos moi interesantes, tomaremos como referencia as orientacións metodolóxicas que establece tanto o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Basandonos en ambos currículos daremos sentido educativo a través das competencias que permitirán aplicar á vida a educación que parta das nosas propostas curriculares. Teremos en conta as organizacións dos espazos, os diferentes ambientes, os tempos e as aportacións da Comunidade Educativa que forma parte do noso centro dende a súa constitución como CRA

- ORGANIZACIÓN DO ESPAZO:

Na distribución do espazo procuraremos que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, eles xunto co/coa mestre/a axudará a tomar decisión sobre os mesmos xa que pretendemos que a escola sexa un lugar que imos compartir todos e todas e no que terán opinión. Teremos espazos para os diferentes agrupamentos, con facilidade de movemento, tamén teremos en conta espazos para os especialistas cos seus materiais, xa que as áreas serán complementarias a outras en función dos contidos a traballar. A mestra ou mestre provocará as distintas situacións xerando un ambiente físico de aprendizaxe grato.

- ORGANIZACIÓN DOS TEMPOS:

Os tempos serán flexibles, respectando os ritmos de actividade,

xogo e descanso, por iso organizamos diferentes rutinas ao longo da xornada, incluíndo momentos de actividade e calma. Atenderemos a un «enfoque globalizador», é dicir, as propostas didácticas terán como punto de partida situacións globais, situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...- nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas, aínda que tamén é conveniente planificar outras actividades específicas que alternan coas propostas globalizadas.

- DIRECTRICES METODOLÓXICAS:

No CRA decidimos seguir unha liña metodolóxica común, dentro do respecto a cada aula e as súas casuísticas. Deste xeito camiñaremos cara un obxectivo común, a través de actividades globalizadas que nos permitan ao mesmo tempo atender á diversidade e que terán coma punto de partida a consecución de obxectivos da programación compartida. Tamén teremos presentes aspectos como:

- É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que as cativas e os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman -formas, tamaños, espazos, ... a través do xogo manifestan as súas vivencias e experiencias e van aprofundando en novos niveis de relación e de interacción.

- Os procesos de observación, manipulación, experimentación, descubrimento e investigación serán a base das propostas, co fin de garantir novas aprendizaxes, partindo dunha metodoloxía centrada no Método Científico. Parte deste traballo levarase a cabo co apoio TIC que complementará esta competencia nas aulas con actividades científicas.

- É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións,

organizar e anticipar as súas accións e tamén aprender do erro, atendendo así á diversidade, por iso nos centraremos en que a aprendizaxe sexa cooperativa. A realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da vida na escola establecendo vínculos afectivos e de relación e respecto.

- A resolución de problemas da vida cotiá será tamén un dos pilares fundamentais do proceso de ensino aprendizaxe, traballando, entre outras, a competencia STEM e a CPSAA.

- A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

- O achegamento á lectoescritura farase de forma lúdica e significativa, a través de textos presentes na vida cotiá. Teremos como parte importante da súa formación a oratoria, a expresión espontánea ante o resto de compañeiros, os saúdos e charlas con axentes alleos a escola coma o panadeiro, a veciñanza nos paseos, etc, fomentando o respecto e educación cara os demais e tamén o desenvolvemento da expresión oral.

- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- **AGRUPAMENTOS:**

Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaranse diversas formas de agrupamento tendo en conta as potencialidades de cada unha delas en cada escola e en cada momento:

- O gran grupo é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, traballos cooperativos, asembleas...

- O grupo pequeno é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, permite asignar a cada nena ou neno tarefas concretas e estruturadas de tal xeito que a mestra ou mestre poida prestar as axudas axeitadas segundo o grao de realización da tarefa. Deben ser variables, homoxéneos e heteroxéneos. Aínda que a organización en parellas acostuma a ser moito máis interesante, polo grao de implicación que comporta.
- A actividade individual é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, ao tempo que promove as estratexias autocontrol, responsabilidade, autonomía ...

O PAPEL DO PROFESORADO

É fundamental que a mestra e o mestre sexa quen de canalizar a aprendizaxe dos nenos e nenas dentro dunha autonomía e que á vez xere confianza e reforce a súa autoestima. Dende as nosas observacións controlaremos os seus progresos, as melloras nas súas expresións, as súas relacións e as súas producións. Tamén será importante a coordinación entre os diferentes mestres que interveñen na aula para así reforzar se fose posible ou intervir de forma coordinada para procurar cambios e melloras, se é o caso. Tamén será importante a relación coas familias todos os días, creando un ambiente familiar que o neno/a perciba como algo natural e que forma parte da escola. Finalmente, é indispensable instaurar a formación permanente dentro do noso día a día como docentes, perfeccionando as nosas habilidades e coñecementos, de forma que poidamos atender dun xeito máis óptimo as necesidades individuais do noso alumnado e nos manteñamos actualizados como profesionais comprometidos coa innovación e a calidade educativa.

RELACIÓN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Un pilar básico no noso centro é a comunidade educativa. Como tal, contamos en primeiro lugar coa familia e todos aqueles que interveñen na nosa escola sumando aprendizaxes. Comezaremos

pola nosa ANPA, a veciñanza, os outros centros, os diferentes concellos nos que están as nosas escolas e as Asociacións e Fundacións que colaboran connosco.

As familias son un pilar fundamental para nós. Cédennos aos seus fillos coa educación iniciada por eles/as, a cal a través da comunicación (diaria) podemos continuar ou modificar consensuadamente nas nosas aulas.

As familias poden entrar na escola cando o precisen, poden falar cando o precisen e acoden na medida das súas posibilidades cando así o decidamos ambos. Contamos dentro da formación no centro con formación para familias, con temas coma nutrición, odontoloxía, educación emocional.... Comparten connosco saídas, festivais e todas aquelas situacións educativas para compartir entre todos e todas. Cada día nas aulas poden comunicar información que axude a atender o momento educativo do seu filla e fillo. Tamén teremos as reunións de avaliación e nelas falaremos do que ten que ver cos resultados dos seus fillos/as e recolleremos aportacións que nos axuden a mellorar o noso traballo.

O PAPEL DO ALUMNADO

Cando un neno ou nena vai entrar na escola acode no curso anterior, nas xornadas de portas abertas, onde comparte cos nenos/as da aula varios días nas horas que se pacten entre familia, titores e especialistas. Deste xeito, no comezo de curso non é tan brusca a incorporación, mais, aínda así, contamos cun período de adaptación conforme á lexislación vixente. Teremos en conta a súa zona de desenvolvemento próximo e todo o que intervéñen na súa personalidade. Para iso, contaremos coas aportacións das familias, a través das enquisas iniciais, e coa observación directa, tanto das titorías coma daqueles mestres que interveñen na aula. Especial importancia teñen os nenos ou nenas con NEE. Ademais de intentar darlles o mellor posible en todos os ámbitos educativos, tanto PT como AL, e por suposto o

DO, serán parte importantísima nas relación interpersoais co resto de alumnado, axudando a educar no diferente en busca dunha sociedade mellor, de respecto e colaboración.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos dixitais: ordenador de aula, pantallas interactivas, conexión a internet, robots (beebot, scornabot), etc.
Material funxible: convencionais e non convencionais.
Material sensorial e manipulativo: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...). Material visual: carteis, láminas.
Material curricular: programacións didácticas e fichas. Libros e cadernos.
Material de psicomotricidade: cordas, balóns, aros.
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, refugallo.
Material musical: Instrumentos musicais.
Material non estruturado: de refugallo baixo a premisa das 3R, elementos naturais, pezas soltas.
Material natural: proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Fundación Eduardo Pondal, asociacións, concellos, bibliotecas dos concellos, etc).
Material de xogo simbólico: cociñas, supermercado, mesa e zona da casa, etc.
Material proporcionado polo centro educativo: material bibliográfico pertencente á biblioteca do CRA e que facilita o empréstimo de libros escola-familia, etc
Recursos persoais: alumnado, persoal docente e non docente, familias e veciñanza, así como calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc).

Os materiais didácticos axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e as necesidades específicas de cada contexto educativo e, consecuentemente, tamén ás características individuais do alumnado.

Ao tratarse dun CRA con 5 escolas e realidades diferentes, e para adaptarnos así aos diferentes contextos e características do alumnado, levando a cabo unha concreción curricular axeitada, contamos con diversidade de materiais que cada docente elixiu segundo o seu criterio e tendo en conta as características persoais, gustos e intereses dos seus alumnos/as.

De todos os materiais de aula, faremos reflexión e avaliación

sobre o seu estado, os seu uso, etc, unha vez ao trimestre a través da enquisa se AUTOAVALIACIÓN DOCENTE.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial desenvolverase durante o período que establece a Orde do Calendario Escolar.

Nesta avaliación inicial o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado ao chegar ou voltar ao centro. Ademais, este período ten un carácter preventivo de cara á atención á diversidade, tanto como medio para a detección temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información adecuándonos ás características do alumnado e ao contexto, pero a mais importante será a observación directa e indirecta. Ademais, teranse en conta as produccións realizadas polo alumnado (artísticas, escritas, musicais, etc), así como a información aportada polas familias na entrevista inicial e a análise do seu estado emocional e físico durante estas primeiras xornadas. Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a detección temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

A partir da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino- aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias en colaboración co Departamento de Orientación, solicitando por escrito unha avaliación psicopedagóxica cando se considere necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado estrutúrase en base a Unidades Didácticas (UD) e todas elas teñen o mesmo peso na nota final, garantindo así unha valoración equilibrada do proceso de aprendizaxe.

Peso das Unidades Didácticas

Cada Unidade Didáctica supón o 33,33% da cualificación global, de maneira que as tres UD suman o 100%.

Escala de valoración dos ítems

A avaliación realízase a través de ítems asociados ás tres áreas curriculares, que rexistramos nas FICHAS REXISTRO trimestrais, onde imos avaliando os ítems MENSUALMENTE, segundo se indica na continuación.

Cada ítem valórase nunha escala numérica continua de 0 a 1, coa seguinte correspondencia:

- CD- Con dificultade (0,00): o alumno/a non demostra logro do ítem, nin sequera con axuda; presenta erros moi frecuentes.

- EP- En proceso (0,50): amosa adquisición inicial do ítem, con erros relevantes e dependencia da axuda docente.

- CONS- Conseguido (1,00): supera o ítem con corrección e autonomía habitual. Correspóndese co Sen Dificultade no XADE.

Cando un alumno/a conte con algún ítem CD ou EP, estes deberán terse en conta de cara ao nono trimestre ou curso, de forma que se faga atención individualizada sobre eles. No caso de que un alumno/a acade unha porcentaxe de ítems CON DIFICULTADE igual ou superior ao 25% aplicaráselle reforzo (tarefas específicas ou reforzo cun docente). Estas tarefas centraránse nos ítems "CON DIFICULTADE" e nalgúns casos, se se considera necesario, nos "INICIADOS". Isto favorece o desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado e da sentido ao carácter continuo, global e constructivo da avaliación.

Momentos da avaliación

Ao longo do curso avaliamos en tres momentos distintos:

- **Avaliación inicial:** faise no mes de outubro e permite coñecer os coñecementos, habilidades e características previas do alumnado. Realízase unha reunión docente para poñer as percepcións en común e trasládanselle ás familias a través dunha tutoría individualizada.
- **Avaliación continua:** realízase ao longo de todo o curso e recóllese trimestralmente. Aínda así, tal e como se explica no parágrafo anterior a nosa avaliación continua rexístrase **MENSUALMENTE**. Logo, ao rematar cada trimestre facemos balance de cada un dos procedementos e trasladámoslos á aplicación XADE. As familias reciben un informe individualizado e realízase outra tutoría individualizada con cada familia.
- **Avaliación final:** é a recompilación da avaliación continua que se fixo durante o curso, así como puntualizacións novas. Desta avaliación sae o Informe anual de avaliación individualizado, que quedará rexistrado no XADE.

Criterios de recuperación:

Non se aplica a nesta etapa educativa.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación infantil poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. Todo isto en base ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

En canto ás medidas ORDINARIAS que se aplicarán na aula, atendemos ao Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pero tamén á ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado: neste caso a casuística das aulas multigráo e de ratios reducidas favorecen a adaptación dos aspectos organizativos da aula ao alumnado. Ademais, poderanse adaptar outros aspectos como a distribución horaria, o establecemento de rutinas ou a comunicación constante coas familias sempre que se precise. Por outra banda, contamos con axustes máis personalizados segundo as aulas como tapóns nas patas das cadeiras para reducir o ruído das mesmas ou organización do espazo da aula en recunchos amplos, favorecendo o tránsito libre. Incluso adaptamos o espazo dalgunha aula para que sexa funcional no caso de aparellos auxiliares do movemento.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás

circunstancias do seu contorno: partimos de que cada centro é único, e polo tanto a planificación para as nosas 5 escolas adáptase a elas. Ademais, cada unha delas tera a súa propia concreción metodolóxica, xa que ningunha é similar a outra, nin tampouco os meniños/as que se atopan dentro. Por iso, as planificacicións son totalmente personalizadas en cada aula. Pártese dunha programación común e adáptase ás posibilidades e necesidades propias, dando resposta as necesidades específicas que detecten. Contemplamos medidas individualizadas como secuenciación de tarefas, emprego das TIC para reforzar ou traballar aspectos específicos, anticipación, elaboración de recursos visuais específicos, e calquera outro que se considere preciso para ese neno ou nena, entendendo o currículo dende un enfoque flexible e aberto.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión: como dicíamos, os grupos multigráo e as baixas ratios permítennos adaptar tamén as metodoloxías elixidas ao total de nenos e nenas e tamén ás circunstancias do momento. Por iso, logo de observar e analizar o grupo, poderemos decantarnos por desenvolver unha tutoría entre iguais se vemos que pode ser favorable para o aprendizaxe, distribuir a aula en ambientes de aprendizaxe no caso de que sexan óptimos para alumnado NEAE, ou incluso elixir algunhas metodoloxías específicas, como pictogramas de ARASAAC ou métodos cooperativos, entre outras.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación: a avaliación nesta etapa e especialmente no noso centro lévase a cabo a través da observación sistemática e recollida de información a través dos seguimentos, polo que o profesorado poderá adaptar os tempos da mesma así como ampliar e personalizar instrumentos e procedementos para levala a cabo. Desta forma aseguramos equidade e igualdade na

mesma.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: faise atendendo ás NEAEs que se presentan nas distintas escolas.

- Tamén se poderán aplicar programas de enriquecemento curricular, no caso de que se detecten casos de Altas Capacidades, así como outros como os programas de habilidades e competencias sociais.

Por outra banda, en colaboración co Departamento de Orientación e o Equipo Directivo, aplicaranse MEDIDAS EXTRAORDINARIAS cando sexa necesario, atendendo de novo ao Decreto 229/2011, do 7 de decembro, así como á Orde do 8 de Setembro do 2021. Entre estas atopamos o traballo co profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica (que precisaríamos no CRA e de momento non temos)

En definitiva, o traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal coidador e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas, tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X	X

Observacións:

Para vivir en sociedade precisamos dunha serie de construtos que deberemos interiorizar de forma progresiva, os valores. Por iso, no noso centro traballaranse os seis nomeados anteriormente durante todo o curso escolar, garantindo así unha educación íntegra e de calidade.

Ademais dos elementos transversais anteriores, incluiremos no noso día adía o traballo de:

- Creatividade
- Superación persoal
- Capacidade de aprender a aprender
- Educación para a saúde
- Educación para a paz
- Educación para o consumidor
- Educación moral e cívica
- Educación ambiental
- Educación viaria
- Educación para a iguldade

Todas elas estarán integradas nas distintas áreas curriculares e se traballarán tanto a través das propostas e a vida do día a día, como a través dos distintos plans e proxectos nos que participa o centro (Voz Natura, Club de Lectura, Innova-Lab, PIE, etc).

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas trimestrais.	En cada trimestre realizamos unha saída para afondar no traballo na aula.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída de fin de curso.	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Conmemoracións	A comunidade educativa poderá planificar e participar en Conmemoracións e distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Actividades de transición ao centro adscrito.	Visita ás aulas de primaria do centro adscrito, merenda conxunta cos futuros compañeiros/as de clase.			X
Contacontos e actividades do concello.	Acudiremos aos contacontos e actividades ofertados polos respectivos concellos.	X	X	X
Visita de persoa experta	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado ou veciño para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.	X	X	X
Convivencias trimestrais e festividades.	Realizarase unha convivencia trimestral co obxectivo de favorecer a convivencia dos membros de toda a comunidade educativa.	X	X	X
Saídas pola contorna de casa escola	Cando o/a docente o considere faranse saídas pola contorna de cada unha das escolas con carácter pedagóxico e social	X	X	X

Observacións:

No noso centro as actividades complementarias son un elemento fundamental para completar a planificación didáctica, de aí que en diversas ocasións como as saídas trimestrais as familias poden acompañarnos. Pensamos que a actividade na escola debe estar intimamente ligada á do fogar e viceversa, polo que organizar unha saída ao trimestre coas familias favorece que ese eixo de unión se reforce aínda máis.

Así mesmo, no CRA realizaremos diferentes convivencias entre as 5 escolas para festexar algúns momentos do curso (Nadal, Entroido, Fin do Curso) así coma saídas didácticas polo entorno próximo das unitarias aproveitando as posibilidades de aprendizaxe que nos ofrece,.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

A programación mantívose axustada ao contexto e aos obxectivos previstos, realizándose pequenos axustes trimestrais que permitiron adaptar as sesións ás necesidades do alumnado e ao ritmo real do curso.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía elixida (activa, participativa e baseada en proxectos) favoreceu a participación dos nenos e nenas, das familias e de toda a Comunidade Educativa, promovendo a motivación e a autonomía
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización do espazo da aula e os seus recursos foi axeitada para o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade que empregaches resultáronche axeitadas para atender ás individualidades e foron aplicadas de forma continuada
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula fomentou a participación activa dos nenos e nenas e das súas familias, fomentando o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos e unha boa disposición cara á aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación entre o profesorado foi fluída e constante, tanto en reunións de ciclo como en coordinación de CRA, mellorando progresivamente ao longo do curso

Descrición:

As categorías recollidas neste apartado (programación, metodoloxía, organización da aula, atención á diversidade, clima de traballo, coordinación e actividades complementarias) son obxecto de seguimento trimestral mediante un cuestionario en Moodle, no que participa todo o profesorado do centro.

Esta avaliación periódica permite dispoñer dunha visión clara e actualizada da práctica docente en cada trimestre, facilitando a detección temperá de fortalezas e áreas de mellora.

A información recompilada intégrase posteriormente en Proens como síntese anual, garantindo así coherencia, evitando duplicidades e reforzando a calidade do proceso de autoavaliación do centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino- aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes UD e ao remate das

mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso, facendo o correspondente seguemento en Proens.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro por escolas e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, para acadar propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise dos resultados obtidos nos diferentes trimestres.

Así, as sesións de avaliación serán as seguintes:

- Avaliación Inicial: para coñecer o punto de partida da aprendizaxe de cada neno e nena, especialmente os/as de nova incorporación. Esta será o marco para elaborar o informe de avaliación inicial do alumnado de 4º de Ed. Infantil.

- Avaliacións trimestrais e final (1º, 2º e 3º): servirá para facer balance dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado e tomar decisións se fose preciso. Ademais entregarase un informe correspondente a cada familia e elabóranse os informes de final de curso e informe de final de etapa do alumnado de 6º de Ed. Infantil.

Ademais, logo de cada unha das sesións, realizarase unha tutoría con cada familia.

9. Outros apartados